



RESOLUCIÓN DE APROBACIÓN DA LISTA DEFINITIVA DE PERSOAS ADMITIDAS E EXCLUÍDAS AO PROCEDIMENTO DE ADXUDICACIÓN DE VIVENDAS PROTEXIDAS DE PROMOCIÓN PRIVADA DO EXPEDIENTE 32-J-0008/05

En data 5 de abril de 2024 publicouse a lista provisional de persoas admitidas e excluídas ao procedemento de adxudicación de vivendas de protección oficial de promoción privada do expediente 32-J-0008/05, de vivendas de Réxime Xeral, situadas na Avenida de Compostela, nº 115, de O Carballiño (Ourense), e cuxa solicitude presentou a entidade promotora PROYECON GALICIA, S.A., consonte ao establecido no artigo 36.1 do Decreto 1/2010, de 8 de xaneiro, polo que se regula o Rexistro Único de Demandantes de Vivenda da Comunidade Autónoma de Galicia.

Transcorrido o prazo sinalado da devandita resolución, non se presentaron reclamacións.

Consonte ao disposto no artigo 36.2 do referido Decreto 1/2010, e á vista do que antecede,

RESOLVO:

1º) Declarar deserto o procedemento de adquisición, referido á resolución de inicio do 12 de marzo de 2024, do expediente 32-J-0008/05, de vivendas protexidas de promoción privada de Réxime Xeral, situadas na Avenida de Compostela, nº 115, de O Carballiño (Ourense), e cuxa solicitude presentou a entidade promotora PROYECON GALICIA, S.A.

2º) Ordear a publicación desta resolución na páxina web do IGVS.

Contra esta resolución, que non esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso de alzada ante a Vicepresidencia Segunda e Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da publicación da presente resolución, de conformidade co disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

Ourense, na data da sinatura electrónica

O/a xefa territorial

P.S. (Resolución do 15/03/2024)

O xefe do Servizo de Patrimonio Natural

Juan José Gómez Fernández

